

## CIRCULAR INICIO DE CURSO 2024/25

Estimadas familias recibide un cordial saúdo de benvinda, especialmente para os que neste curso se incorporan a Comunidade Educativa do C.E.E “María Mariño”.

Dirixímonos a vostedes pais/nais dos nosos alumnos/as para recordar e darlles a coñecer as normas e actividades do centro durante o presente curso:

### RELACIÓN DE PAIS/NAIS E PROFESORADO

A comunicación entre pais/nais e profesor/as é fundamental para o benestar do seu fillo/a. Estes contactos deben incrementarse cando observemos calquera tipo de problema, e sempre coa intención de solucionalo, contando coa axuda e apoio do profesional do ensino.

O colexio conta cun departamento de orientación que atenderá aos pais/nais preferentemente en horario de 12:30h a 13:30h., aínda que pode concertarse por teléfono outra hora calquera.

Proximamente, haberá unha reunión dos pais/nais cos profesor/as de Ensinanza Básica Obrigatoria (EBO) e Programas Formativos de Formación Profesional Básica Adaptada (PFFPBA) que se fará nas aulas correspondentes.

### XUSTIFICACIÓN FALTAS DE ASISTENCIA

O colexio faise responsable dos alumnos/as dende o momento que entran no recinto escolar no seu horario de clases ata que abandonan o mesmo. Para levar o control das posibles faltas á clase é necesario que nos comuniquen o motivo polo cal o seu fillo/a non pode vir ao colexio ben por vía telefónica ou por unha nota.

### HORARIO SECRETARÍA

O horario de secretaría é de 11:00h. a 12:00h.

Teléfono.: **881 961 102 // 881 961 106**

Dirección correo electrónico: [cee.maria.marinho@edu.xunta.es](mailto:cee.maria.marinho@edu.xunta.es)

### HORARIO DAS CLASES

De 10:00h. a 15:00h

O centro abrirá as súas portas ás 9:50h.

### DÍAS NON LECTIVOS

- Día 31 de outubro .....Día non lectivo
- Nadal.....23 de decembro ao 7 de xaneiro

( ambos inclusive).

- Entroido.....3, 4 e 5 de marzo
- Semana Santa.....Do 14 ao 21 de abril (ambos inclusive)
- Días non lectivos .....4 de novembro e 2 de maio

#### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Os distintos niveis programarán ao longo do curso distintas excursións culturais e recreativas. Como todos os anos participamos nas actividades ofertadas polo Concello e por outras entidades colaboradoras. Os pais/nais teñen que autorizar aos seus fillos/as a participar.

#### HORARIO DE VISITAS DOS PAIS/NAIS

Os xoves de 9:00 h. a 10:00 h. as familias poden solicitar entrevistas cos titores/as e resto do profesorado previa petición de cita, e sempre que o soliciten.

Dende o centro agardamos a colaboración de todas as familias para cumprir as Normas de Organización e Funcionamento do centro (N.O.F.) das que salientamos as seguintes:

- **A roupa dos alumnos/as debe vir marcada co seu nome para evitar confusións.**
- **A presenza de familiares do alumnado polos corredores en horario lectivo, agás para acceder a zona administrativa, non está permitida.**
- **As incidencias notificanse por escrito ou por teléfono.**
- **Ao alumnado non se lle permite o uso de teléfonos móbiles ou calquera outro aparello electrónico dentro do recinto escolar.**
- **As saídas ou entradas do alumnado fora do horario establecido serán xustificadas ante a titora previamente. Igualmente as faltas de asistencia de un ou varios días .**
- **Para administrar calquera tipo de medicamento é necesario un informe ou receita médica actualizado do alumno/a onde figure a duración do tratamento e a dose a administrar.**

Grazas pola vosa colaboración e feliz curso a todos/as.

O Equipo Directivo

A Coruña, 12 de setembro de 2024